

Unidade didáctica

NINJA

TEATRO GHAZAFELHOS



NINJA

'Ninja' é unha obra da compañía Teatro Ghazafellos dirixida ao público familiar a partir de 5 anos que aborda a problemática do acoso escolar a través dunha historia que reflexiona sobre o respecto, o apoio mutuo e a diversidade. Tori, a súa protagonista, quere ser ninja e adestra todos os días para pasar inadvertida. Nese proceso, descobre que no seu colexio hai moitas nenas e nenos que queren ser invisíbeis para deixar de sufrir acoso nas aulas. Coa axuda do seu veciño, o señor Edelmiro, buscarán a forma de dar visibilidade ao que está a acontecer e conseguir mudar a situación.


En 'Ninja', Teatro Ghazafellos xoga coa simboloxía da cultura oriental e das expresións artísticas de diferentes momentos históricos para falar da necesidade de coidar a vida, traballar en equipo e compartir os malestares. O elenco da peza está formado por Montse Piñón, Jorge Casas e Pepablo Patiño e o dúo BellónMaceiras (Dani Bellón e Diego Maceiras) foron os encargados de compoñer pezas de música tradicional con sonoridade oriental.

Introdución

'Esta Unidade Didáctica foi elaborada por Teatro Ghazafellos e quere ser un recurso para o profesorado de Educación Primaria. Nela propóñense diferentes actividades para levar a cabo na aula antes e despois de ver a peza. Tamén incorpora algunhas orientacións metodolóxicas para afondar nas distintas temáticas. Ademais de ter un obxectivo artístico, 'Ninja' é unha ferramenta educativa para facilitar o diálogo na aula. Partindo da peza e tendo a unidade didáctica como referencia, propónse traballar, de forma específica, conceptos como a paz, a non violencia, a resolución pacífica de conflitos, o bo trato, a amizade, a intolerancia, o abuso, a diversidade, a igualdade e o bullying.

As actividades que ofrece convidan a reflexionar sobre as relacións humanas e sobre o desenvolvemento de habilidades para o coidado da vida, tan necesarias para a construción dunha cultura de paz. Tentan ser útiles para mellorar a comunicación e as relacións interpersoais dentro da aula, outorgando unha especial relevancia ás experiencias vividas en relación coa obra e as reflexións do alumnado sobre a mesma.

Obxectivos



- Reflexionar sobre cuestións como a paz, a non violencia, a resolución pacífica de conflitos, o bo trato, a amizade, a intolerancia, o abuso, a diversidade, a igualdade e o bullying.
- Entender o valor e a importancia da diversidade (na aula e noutros espazos) e a necesidade do coñecemento mutuo para atopar puntos en común.
- Identificar a discriminación como unha forma de violencia.
- Fomentar a empatía e a capacidade de colocarnos no lugar das outras persoas
- Fomentar o valor da amizade e o acompañamento na vida
- Favorecer as relación interpersoais traballando en equipo
- Favorecer o recoñecemento dos conflitos
- Desenvolver o gusto polas artes escénicas
- Potenciar a comunicación e o espírito crítico

Antes de ir ao teatro...

Estas actividades teñen por obxectivo que o alumado coñeza cal é o espectáculo que van ver así como parte das temáticas que aborda.

1. Presentación da peza

Farase unha pequena presentación da peza e da compañía e lanzaranse, de forma oral, algunhas preguntas que se traballarán de forma colectiva. 'Ninja' é unha obra de teatro que trata a historia de Tori, a súa protagonista. A Tori encántalle a cultura oriental: o karate, o Kung fu, o jiu-jitsu, as películas de Bruce Lee... O seu soño é ser unha ninja e adestra todos os días para pasar inadvertida. É así como Tori descobre que na súa escola hai moitas nenas e nenos que queren ser invisíbeis para deixar de sufrir acoso. Coa axuda do seu veciño, o señor Edelmiro, conseguirán dar visibilidade ao que está a acontecer e empezar así a mudar a situación.

2. Algunhas preguntas previas

- Sabedes que son as ninjas?
- Cales son as súas principais características? (abordar a idea da invisibilidade)
- Sabedes que é o karate e o kung fu?
- De que países son orixinarios? (China e India, posibilidade de ubicalo nun mapa)
- Sabedes por que se lle chama cultura oriental?
- Que é o teatro?
- Cantas veces fuches ao teatro? Que viches?
- Que foi o que máis che gustou do teatro?
- Participaches algunha vez nunha obra de teatro?

3. Como imos ao teatro?

Ir ao teatro é moi divertido! Para que todo o público poida desfrutar e para respectar o traballo dos actores e actrices é importante poñer atención ao noso comportamento. En grupos de catro, elaboraremos unha lista de cinco ideas sobre como deberiamos estar e comportarnos no teatro e se temos algunha dificultade para que iso sexa así. Despois, poñeranse en común e, de forma colectiva, recolleranse as ideas que se consideren máis importantes antes de ver 'Ninja' e propóranse posibles solucións para as dificultades que compartiron algunhas persoas.

Despois de ir ao teatro...

O obxectivo destas actividades é reflexionar sobre a representación, os elementos escénicos e as temáticas sobre as que trata a propia historia. Tamén, aproveitar o contido da peza para traballar valores e habilidades grupais.

1. O que podemos ver

Tras a asistencia ao espectáculo, e cando o alumnado aínda teña fresco o recordo da peza, faranse algunhas preguntas que se responderán oralmente.

- Cantos personaxes había? Como se chamaban?
- Que foi o que máis vos chamou a atención das personaxes?
- Que é o que máis vos gustou da obra? Por que?
- Que diferenza hai entre as ninjas e as samurais?
- Na obra, quen coidaba a quen?

2. O contrario de agocharse é amosarse!

A continuación propóñense unha serie de actividades que promoven que o alumnado se presente e coñeza deixando ver algunhas cualidades, características ou experiencias que poden non ser coñecidas por todas as persoas da aula. Estas actividades promoven, dunha banda, visibilizar a diversidade que existe na clase e, pola outra, promover a cohesión do grupo, un elemento imprescindible para abordar e transformar os conflitos inherentes ás relacións humanas.

1) Patio de veciñas

Nesta actividade a clase dividirase en dous grupos que se colocarán en dous círculos, un dentro do outro. As persoas do círculo interior mirarán cara a fóra e as do círculo exterior, cara adentro. De tal forma que sempre haberá unha persoa mirando a outra. A persoa que dinamiza fará preguntas que o alumnado terá que contestar á parella que teña diante. Darase 1 minuto para que as dúas persoas respondan (quen dinamiza deixará que cada parella se organicen co reparto de tempos e logo de observar a primeira ronda dará as indicacións que lle parezan oportunas). Ao rematar, o círculo de dentro moverase cara á dereita de tal forma que haberá cambio de parellas. Repetirase o mecanismo de lanzar unha pregunta e deixar 1 minuto para a resposta.

Proposta de preguntas:

- Cal é a túa comida preferida e por que?
- Cal é o teu animal preferido e por que?
- Explica cal é a cousa que máis che gusta facer do mundo?
- Que cousa non che gusta nada?
- En que momentos te gustaría ser ninja e desaparecer?
- Que fas para coidar ás persoas da túa familia e aos teus amigos e amigas?

2) Temos talento!

Con esta actividade promóvese rachar cos estereotipos, traballar en equipo, amosar a diversidade e poñer en valor os coñecementos e habilidades de cada quen. Nesta actividade divídese a clase en dous grupos que deben colocarse en dúas filas, unha diante da outra. Repártase un post-it e un rotulador a cada quen. Individualmente, cada persoa apuntará nese post-it un talento: cociñar, facer o pino coa cabeza, tocar a pandeireta, correr moi rápido, bailar, debuxar, coidar as plantas... Cando todas as persoas teñan escrito o seu talento no post-it teñen que intercambialo co doutro compañeiro ou compañeira do seu mesmo grupo e colocalo no ombreiro esquerdo. Cando os dous grupos teñan reubicado todos os post-it, un dos grupos empezará adiviñando. Para iso achegaranse ata a fila e lerán cada post-it en voz alta. Unha vez teñan lido todos, o grupo terá que decidir, colectivamente e sen intercambiar palabras co outro grupo, a quen corresponde realmente cada post-it. Cando se decidan por unha persoa, pediránlle que lles dea o post-it que leva pegado e colocaranlle o novo. Unha vez todos os post-it estean recolocados volveranse a ler os post-it e cada persoa dirá se, efectivamente, ese é o seu talento ou se é o doutra persoa. Ao final, farase relato de cantos post-it estaban ben colocados e comentarase que lles sorprende a cada quen.

3) Rexistrar as emocións

Unha vez rematadas estas dúas actividades pedirase que cada quen, de forma individual e por escrito, exprese nunha folla como se sentiu respondendo ás preguntas do patio de veciñas e co xogo dos talentos. Darase claves para que nesa reflexión pensen en como se sentiron compartindo con persoas coas que teñen menos confianza; como se sentiron escoitando; que lles sorprende; que lles gustou e que non lles gustou... Indicarase que esa folla non se lerá en voz alta.



3. Os simbolismos

En Ninja, as persoas acosadas pasan de ser invisíbeis a amosarse como Samurais, lucindo traxes de cores e chamando a atención. Ese é o momento que os compañeiros e compañeiras e o profesorado se decatan do problema tal e como podemos ver.

Escolleranse a tres persoas da clase que lerán o diálogo que pecha a obra:

EDELMIRO: Cando estiven embarcado pasei tres semanas en Okinawa, Xapón. Os samurais lucían traxes bonitos e todo o mundo os saudaba pola rúa cunha reverencia. Era imposible non velos.

TORI: E nos imos ser samurais! Imos saír ao patio da escola e todo o mundo nos verá. E berraremos forte! E xa non seremos sombras agochándonos!!

CARLIÑOS: Si! Samurais!

TORI: E así foi que saímos ao patio como samurais Carliños e eu. E todo o cole mirábanos con incredulidade! Incluso as mestras e mestres. Pouco a pouco fomos desenvaiñando a espada e, por increíble que pareza, uníronse outros nenos e nenas que debían ser moi boas ninjas porque nunca nos fixamos nelas. Todas e todos xuntos formamos no centro do patio. Agora non había dubida e víannos, existíamos e escoitábanos.

- 1) Pedirase que cada quen debuxe un ninja ou un samurai, o que prefiran, e colgaranse na aula.
- 2) Decorarase unha caixa de cartón para crear a caixa dos desexos.
- 3) Todas as persoas da clase escribirán frases e ideas que lles gustaría compartir con Tori e Carliños que depositarán na caixa dos desexos.
- 4) As persoas collerán unha das frases da caixa e leranas en voz alta. Quen dinamiza acompañará as reaccións e o que está escrito, se é necesario.

4. O valor de coidar

'Ninja' aborda tamén o valor da amizade e o acompañamento na vida. Descubrir a importancia de escoitar e coidar ás persoas maiores. A motivación por observar o noso entorno e coidalo.

EDELMIRO As abellas son importantísimas. É un dos seres vivos máis sociais e organizados. Eu creo que as abellas son as verdadeiras herdeiras da terra: cóidana e axudan a reproducir a natureza. E as velutinas, aí! As velutinas matan as abellas! Sabes Tori? O ser humano somos un pouco como as velutinas. As veces só queremos destruír as cousas bonitas que nos rodean.

Partindo do anterior diálogo, traballárase conceptos como a paz, as inxustizas e os coidados.

1) O termómetro

Colocarase unha liña de 8 metros feita con la ou esparadrapo no chan. Quen dinamiza explicará que nun extremo da liña está o "SI" e no outro o "NON". Pode escribilo en cartulinas e colocalas nos extremos. Explicarase que fará unha serie de preguntas e as persoas da clase terán que colocarse no lugar da liña co que se corresponda a súa resposta. E porá un exemplo para que se entenda. Explicará a posibilidade de que existan matices nas respostas e, polo tanto, as persoas poderanse colocar no centro da liña, ou cerca do "NON" pero sen ser totalmente rotundo.

Despois de facer unha pregunta e de que todas as persoas se coloquen na liña no lugar que desexen, quen dinamiza preguntará a algunha persoa por que se colocou aí. En función de como evolucionen as respostas irase preguntando ás persoas que se atopan noutras posicións para que se dea un debate construtivo. Explicarase que, logo de escoitar as respostas das demais persoas, existe a posibilidade de moverse.

Posibles cuestións:

- As abellas son importantísimas para a vida, como dixo Edelmiro
- Hai que coidar todos os animais, incluídas as velutinas, para coidar a vida e a terra.
- Os seres humanos somos os animais máis depredadores de todos
- Podemos impedir que algunhas persoas destrúan as cousas bonitas se as persoas que queremos coidalas nos organizamos.
- Cando hai unha inxustiza é importante dicilo e ofrecer á nosa axuda a quen a sofre

Galería fotográfica



Vídeo promocional

Máis sobre ninja